

Máster universitario en Dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos

O Mestrado en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos é unha vía de especialización na investigación psicoeducativa. Complementa a formación recibida nas titulacións que habilitan para o desempeño de labores docentes, de orientación e intervención psicopedagóxica. A formación ofrecida permite profundar no estudo, explicación, identificación e intervención nas dificultades de aprendizaxe e no deseño de sistemas de mellora que contribúan a optimizar a aprendizaxe das alumnas e alumnos en idade escolar. Esta titulación pretende mellorar as competencias dos profesionais do ámbito educativo formal para realizar de maneira máis efectiva a súa actividade profesional.

Segundo os criterios fixados pola Comisión autonómica de habilitacións de Galicia, o título oficial de Máster en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos habilita para impartir docencia na especialidade de Pedagogía Terapéutica nos centros privados aos posuidores/as dos títulos de Grao en Educación Primaria, Mestre/a, Diplomado/a en EXB ou Mestre/a de primeiro ensino sen mención ou especialidade.

Profesorado


O cadro docente do Máster está formado por profesorado e persoal investigador, especialista no ámbito das dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos, cunha unha ampla experiencia docente e investigadora.

Datos básicos da titulación

Campus: Ourense
Centro: Facultade de Educación e Traballo Social
Área de coñecemento: Ciencias sociais e xurídicas
Lingua de impartición: galego e castelán
Número de créditos: 60 ECTS
Duración: 1 ano
Número de prazas: 25
Modalidade: presencial

Para máis información

Web: educacion-ou.webs.uvigo.es
E-mail: sdexbo@uvigo.es
Tel.: +34 988 387 101



UniversidadeVigo

Facultade de Educación
e Traballo Social

Tel.: +34 988 387 101
sdexbo@uvigo.es
educacion-ou.webs.uvigo.es

uvigo.gal

UniversidadeVigo

Facultade de Educación
e Traballo Social





Máster universitario en Dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos

Perfil de ingreso recomendado

- Diplomada/o, licenciada/o ou graduada/o nunha titulación do ámbito da educación ou experiencia profesional no ámbito educativo.
- Competencias previas relacionadas co ámbito de coñecemento da Psicoloxía e a Educación.
- Interese pola investigación e pola realización da tese de doutoramento.
- Coñecementos de inglés.
- Coñecementos de TIC a nivel de usuario.
- Disposición para o traballo en equipo.
- Capacidade para o compromiso social e ético.

Matriculación

Número de prazas: **25 prazas**

- Graduadas/os en Educación Primaria e Infantil (10 prazas)
- Titulados en Psicopedagogía, Psicoloxía, Pedagogía (5 prazas)
- Mestre especialista en Educación Especial, Audición e Linguaxe, Educación Infantil, Educación Primaria, Linguas Estranxeiras, Educación Física e Educación Musical (5 prazas)
- Mestres de ensino secundario, primaria e infantil en activo (3 prazas)
- Estranxeiros alleos ao EEES de titulación equivalente a Psicoloxía ou Psicopedagogía (1 praza)
- Persoas con discapacidade (1 praza)

Prezo

Públicos, aprobados cada curso pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Horarios

As clases presenciais do mestrado impartiranse as tardes dos mércores, xoves e venres de 16.30 a 21.30 horas.

Calidade

Este mestrado se imparte desde o curso 2009/2010 con informes favorables da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Renovou a súa acreditación en 2015. A Facultade de Educación e Traballo Social, na que se integra, é un Centro Certificado FIDES-AUDIT que tamén conta coa Certificación Institucional.

Plan de estudos

Módulo	Materia	Cuadrimestre	Carácter	Cr. totais
Módulo I Formación en procesos cognitivos e dificultades de aprendizaxe	Dificultades de aprendizaxe e intervención baseada nos procesos de codificación	1º	OB	3
	Dificultades de aprendizaxe e intervención baseada nos procesos de atención e planificación	1º	OB	3
	Dificultades de aprendizaxe no proceso lector	1º	OB	3
	Dificultades de aprendizaxe estratexias cognitivas	1º	OB	3
Módulo II Formación específica en dificultades de aprendizaxe en contextos escolares	Técnicas de medida dos procesos lectores	1º	OB	3
	Motricidade e dificultades de aprendizaxe escolar	1º	OB	3
	Función reguladora da linguaxe, procesos cognitivos e dificultades de aprendizaxe	1º	OB	3
	Dificultades de aprendizaxe na escritura e no cálculo	2º	OB	3
	Procesos motivacionais e dificultades de aprendizaxe	2º	OB	3
	Dificultades de aprendizaxe, CI e enriquecemento instrumental	2º	OB	3
	Autorregulación e dificultades de aprendizaxe	2º	OB	3

OB: obrigatoria

Módulo	Materia	Cuadrimestre	Carácter	Cr. totais
Módulo III Formación metodolóxica en métodos e técnicas de investigación	Iniciación á investigación en psicoloxía educativa	1º	OB	3
	Métodos e deseños de investigación en psicoloxía educativa	1º	OB	3
	Utilización das TIC para a busca, xestión e codificación da información	1º	OB	3
	Técnicas cuantitativas de investigación e análise de datos	2º	OB	3
	Técnicas cualitativas de investigación e análise de datos	2º	OB	3
TFM	Traballo de fin de máster	2º	OB	12

